




FRAGA DE CATASÓS

Adela Leiro, Mon Daporta
novembro 2020



Distancia: 6 km
Dificultade: baixa



Fraga de Catasós (1979).
Algún dos castiñeiros xa non existe.

A fraga de Quintela de Catasós, chamada tamén Carballeira ou Souto de Quiroga ou de Quintela, é unha pequena superficie de bosque autóctono asentado na aba arborada do val do rego de Quintela a unha altitude duns 550 m sobre o nivel do mar. O seu maior interese reside no grande valor biolóxico dos castiñeiros que teñen o fuste máis alto de Europa (sobrepasan os 30 m de altura, con case 5 m de perímetro na base e uns 300 anos de idade). Na década de 1970 foron considerados pola FAO como os de mellor porte forestal de

Europa polo que a zona está protexida como Monumento Natural, desde o ano 2000, e ten marcados itinerarios para facer un percorrido que se achega aos puntos de máis interese. Na actualidade so se conserva un castiñeiro en bo estado, os outros exemplares están danados e algún caído, e varios carballos interesantes.



PERCORRIDO

As fragas de Catasós atópanse na contorna de Lalín, a uns 3,5 km do centro da localidade, de doado acceso, ao pé da estrada de Lalín a Ourense, aínda que sen sitio para deixar o coche polo que, se vimos de Lalín, temos que seguir un pouco arriba, uns 200 m, pola estrada para deixalo no espazo que hai diante dun bar, e se vimos da dirección de Ourense, temos que deixalo tamén nun alargo que hai diante do mesmo bar, pero á dereita da estrada.

A fraga é un bo lugar para unha visita puntual, para un curto percorrido, sen ir máis alá dos límites da parcela; para deixarse levar polos camiños entre os arboredos dos arredores, ou para facer un roteiro seguindo a sinalización de Fragas de Catasós (indicado cunha folla de carballo de cor verde cunha frecha inserida para sinalar a dirección da marcha), que nos leva polas masas de bosque e polos lugares da contorna ata completar un percorrido de 6 a 7 km. No traxecto imos atopar ademais algúns bos exemplares de sobreira, que conservan as pegadas de vellos aproveitamentos da cortiza, e ao saír do bosque as paisaxes da contorna, praderías rodeadas de sebes nas que sobresaen os toros brancos dos bidueiros, entre o gris dos ameneiros e os carballos que durante o verán dan sombra ao gando.



Fraga de Catasós (2003)



Toro dun dos castiñeiros caídos, cunha gráfica das datas de interese



O castiñeiro máis grande que se conserva (imaxe de 2004). Ten arredor de 30 m de altura e 4,40 m de perímetro.



Tempo de outono, tempo das árbores, tempo das masas forestais de folla caediza que, diante da uniformidade permanente de piñeiros e eucaliptos, mudan para adaptarse aos cambios ambientais e debullan as follas dándolle á contorna na que se insiren un aspecto novo, no que cada día cambia a luz e as cores, é tempo para as sorpresas porque en calquera recanto nos pode impresionar a pegada de cor dunha árbore solitaria, un anaco de mato ou un cultivo.

Fraga de Catasós



Carballos.
O máis grande
ten 3,85 m de
perímetro.



Sobreira



Sobreira
3,80 m de perímetro



Prados na contorna da fraga



Liques e brións



Muíño no rego de Quintela, un afluente do Asneiro (Deza)



Lactarius vellereus, un cogomelo que pode superar os 20 cm de diámetro. O outono tamén é tempo de cogomelos dos que atoparemos un amplo mostrario camiñando polo bosque.

